



Memoria económica da Proposta de acordo polo que se actualizan os importes das axudas de custo por razón do servizo en territorio nacional para gastos por aloxamento e manutención e da indemnización por uso de vehículo particular para o persoal empregado público da Xunta de Galicia.

1 Introducción

No ámbito da Xunta de Galicia, as contías das indemnizacións por razón de servizo están reguladas no Decreto 144/2001, que prevé que *“O importe das indemnizacións establecidas neste decreto será revisado periodicamente mediante acordo do Consello da Xunta de Galicia, que se publicará no Diario Oficial de Galicia”* (Disposición adicional cuarta).

Ata agora, e en base a esa D.A.4ª, adoptáronse polo Consello da Xunta tres acordos de revisión: 1) Acordo do 29/12/2005, que actualizou a contía da indemnización por uso de vehículo particular (0,19€/km) e das axudas de custo en territorio nacional; 2) Acordo do 20/06/2008, que actualizou os importes pola asistencia por participacións en tribunais de oposición ou concursos, consonte co IPC; e 3) Acordo do 10/06/2021, polo que se actualiza o importe previsto no parágrafo noveno do artigo 26 bis do Decreto 144/2001.

Pola súa banda, a *Orde do Ministerio de Facenda e Función Pública HFP/793/2023, de 12 de xullo, pola que se revisa o importe da indemnización por uso de vehículo particular establecida no Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón del servicio*, actualizou as contías ata agora en vigor, co incremento do importe da indemnización a percibir como gasto de viaxe polo uso de vehículo particular en comisión de servizo (+0,07€/km), con base na evolución económica e inflación desde a súa última actualización (2005), agravada pola actual situación económica provocada pola guerra de Ucraína, con especial impacto no prezo dos combustibles, un dos elementos que serve de base para o cálculo.

E ese incremento supón que, para os automóbiles, o prezo pasa de 0,19€ a 0,26€ por quilómetro percorrido, no ámbito da Administración xeral do Estado.

Co mesmo criterio, semella conveniente proceder en Galicia a unha actualización que homologue as devanditas contías, como ata agora. Ademais, á vista do tempo transcorrido dende a última revisión, apréciase a necesidade de actualizar os importes das indemnizacións por razón de servizo en territorio nacional para gastos de



aloxamento e manutención previstas para o persoal empregado público da Xunta de Galicia.

Por tanto, para efectuar no ámbito autonómico a mesma suba que a nivel estatal na contía da indemnización por uso de vehículo particular e incrementar os importes das axudas de custos en territorio nacional, requírese dun novo Acordo do Consello da Xunta, en execución da D.A.4ª do Decreto 144/2001.

2 Resumo económico da proposta

2.1 Posible impacto económico no concepto orzamentario 230 “Axudas de custo”

A actualización das contías das axudas de custo por razón do servizo en territorio nacional para gastos de aloxamento (para todos os grupos) e por manutención (para os grupos 2º, 3º e 4º), previstas para o persoal empregado público da Xunta de Galicia, que se propón suporía deixar as contías nos seguintes importes por grupo:

AXUDAS DE CUSTO EN TERRITORIO NACIONAL				
Grupo	Persoal Asociado	Por aloxamento	Por manutención	Axuda enteira
1º	Altos cargos, subdirectores xerais e asimilados	120,92€	53,34€	174,26€
2º	Funcionarios subgrupos A1 e A2 e asimilados	77,78€	44,09€	121,87€
3º	Funcionarios subgrupos C1 e asimilados	57,68€	33,26€	90,94€
4º	Persoal non incluído dentro dos anteriores	57,68€	33,26€	90,94€

Estas novas contías supoñen un incremento do 17,90% con respecto aos importes aprobados no Acordo do Consello da Xunta do 2005 (agás no caso dos gastos por manutención para o grupo 1º), e o aumento proposto é consistente co deflactor do PIB dos anos 2006-2022.

As axudas de custo se recollen no concepto orzamentario 230. Este concepto comprende as indemnizacións devengadas para satisfacer os gastos de manutención e os gastos por aloxamento, por prestacións de servizo fóra do termo municipal onde radique a residencia oficial do comisionado ou o seu posto de traballo.



No exercicio 2022, as distintas consellerías (seccións 04 a 15 e sección 23 da entidade 001) contaban cun crédito inicial no concepto 230 de 2.319.108,00€. Ao final do exercicio orzamentario, as obrigas recoñecidas polas distintas consellerías foron de 1.833.228,69€; esta cifra supón o 79,05% do crédito inicial.

Os importes do 2022, incluídas as consellerías e todas as entidades instrumentais, dan conta dun crédito inicial de 2.685.659,00€, e unhas obrigas recoñecidas de 2.127.578,56€ (79,22%).

Tendo en conta estes niveis de execución do gasto do 2022, pódese dicir que a maioría das consellerías poderían asumir o incremento proposto cos niveis actuais de dotación orzamentaria no concepto 230. A análise a nivel de centros directivos das consellerías indica que, dos 34 centros directivos que tiñan crédito orzado no 2022, só 8 centros esgotaron os importes iniciais dispoñibles para axudas de custo.

Dada a porcentaxe do aumento proposto, e sen poder analizar o seu impacto a nivel de grupo de clasificación do persoal por non dispor dos datos nas aplicacións contables, no peor dos escenarios un incremento do 17,90% sobre o crédito disposto no 2022 suporía un aumento do concepto 230 de 328.147,94€ nas consellerías e de 380.836,56€ incluíndo as entidades instrumentais. Os dous importes sinalados sitúanse por baixo da cifra de crédito dispoñible ao final do ano 2022 para o concepto “Axudas de custo” (485.879,31€ no global das consellerías e de 558.080,44€ para o conxunto de consellerías e entidades).

2.2 Posible impacto económico no concepto orzamentario 231 “Locomoción”

En termos de quilómetros percorridos, o impacto da suba (+0,07€/km) sitúase en 70.000€ por millón de quilómetros.

Para facer unha análise mais concreta, débese ter en conta que os gastos de locomoción se recollen no concepto 231 “Locomoción” dos orzamentos xerais da C.A.; concepto onde se inclúen tanto os gastos derivados do uso de transportes colectivos (avión, autobús, taxi, metro...) e do vehículo particular dos empregados públicos, como os gastos de peaxe e aparcamento.

Sen dispor dos datos desagregados das distintas partidas dese concepto de locomoción para calcular o impacto detallado do incremento, debe considerarse que, no exercicio 2022, as distintas consellerías (Seccións 04 a 15 e sección 23 da entidade 001) dispuxeron dun crédito inicial nese concepto de 1.603.903,00€, e o



importe das obrigas recoñecidas polos distintos centros directivos foi de 1.230.868,52€ (76,74% do crédito inicial).

Tendo en conta todas as seccións e todas as entidades o crédito inicial foi de 2.953.173,00€ e as obrigas recoñecidas 2.513.949,56€ (85,12%).

Por tanto, a primeira conclusión é que, a nivel global, dada a execución do concepto no orzamento do 2022 o impacto do incremento proposto podería ser asumido pola maior parte das consellerías (Dos 35 centros directivos con crédito orzado no concepto de locomoción, só 8 esgotaron o seu crédito inicial).

E o impacto real da suba sobre o orzamento previsto no concepto 231 dependerá da porcentaxe que represente o importe das indemnizacións por quilometraxe sobre o total do concepto de locomoción, posto que varía entre as distintas consellerías: naquelas consellerías, como a de Facenda e AP, en que a porcentaxe entre ese importe de indemnizacións e o total é inferior ao 10%, o impacto da suba situaríase nun máximo de 45.347,79€; mentres que se esa porcentaxe é superior (naquelas consellerías con máis saídas con vehículo particular), o impacto situaríase en 113.369,47 (25%) ou podería chegar a 226.738,94 (50%).

Santiago de Compostela, na data da súa sinatura dixital
O secretario xeral técnico e do Patrimonio

Jorge Atán Castro